



Última actualización deste documento: 19/12/02

VOLUNTARIADO

Todo persoa interesada en vir debese por en contacto antes con algunha entidade organizativa, para ter garantido un lugar de traballo, a comida e onde dormir.

Lamentablemente as labores de limpeza serán lentas e prolongadas no tempo, xa que os restos da marea negra estarán chegando durante unha boa tempada.

Toda persona interesada en venir, se debe poner previamente en contacto con alguna entidad organizativa, para garantizar un lugar de trabajo, comida y pernocta.

Lamentablemente las labores de limpieza serán lentas y prolongadas en el tiempo, dado que los restos de la marea negra seguirán llegando durante bastante tiempo.

CONDICIÓNS FÍSICAS

- As persoas con algún dos problemas que se mencionan (aparte doutros menos comúns) non deben participar na recollida directa de fuel-oil. Hai outras actividades que se poden facer para colaborar sen por en risco a saúde propia e restar operatividade os compañeiros.

- Problemas cardíacos.

- Insuficiencias respiratorias varias.

- Alerxias, tanto que afecten ó sistema respiratorio como dérmicas (do pel).

- Feridas ou fendas no pel en zonas que poidan estar en contacto directo co fuel-oil.

- **Problemas de columna.**

- A información recollida por expertos indica unha exposición máxima ó día que oscila entre as cinco e dúas horas. Aínda que un se senta ben, os problemas poden aparecer días ou semanas despois. HAI QUE PREVIR. Descansar á menor sinal de fatiga e deixa-la laboura en caso de signos de insuficiencia respiratoria.

- Non fumar.

Las personas con alguno de los problemas enimerados (aparte de otros menos comunes) no deben participar en la recogida directa de fuel-oil. Hay otras actividades para colaborar sin poner en riesgo la salud propia y restar operatividad a los compañeros.

- Problemas cardíacos.

- Insuficiencias respiratorias varias.

- Alergias, tanto que afecten al sistema respiratorio como dérmicas (de la piel).

- Heridas o cortes en zonas de la piel que puedan estar en contacto directo con el fuel-oil.



- Problemas de columna.

- La información recogida por expertos aconseja una exposición máxima al día que oscila entre las cinco y dos horas. Aunque non se tengan síntomas, los problemas pueden aparecer días o semanas después. HAY QUE PREVNIR. Descansar a la menor señal de fatiga y dejar el trabajo en caso de signos de insuficiencia respiratoria.

- No fumar.

EQUIPAMENTO BÁSICO

- Roupa que se poda tirar e que ille das salpicaduras de fuel-oil.

- Roupa de augas ou monos de protección.

- Calzado illante (Botas de auga).

- Lubas resistentes.

* Os de goma poden aturar ben unhas catro horas en contacto, despois deste tempo e segundo o uso dado, poden romperse con facilidade.

* Os de nitrilo son mellores e deben aturar unhas oito horas de traballo (recoméndase estar menos tempo traballando nunha zona con fuel-oil)

- Protección facial (Gafas contra proxeccións-salpicaduras).

- Mascarilla con filtros aptos para vapores de hidrocarburos (con carbón activo)

* En zonas abertas e moi ventiladas (e baixa en vapores do fuel-oil) con mascarillas básicas serven (sempre con algún filtro con carbón activo).

* En zonas de mar con gran concentración de fuel-oil é aconsellable usar mascarillas tipo AP2.

* Se se pretende lava-los equipos impregnados con fuel-oil con disolventes (gasolinas...), tamén hai que usar mascarillas AP2 e non entrar en contacto co pel.

* Limpeza de aves: dado que se producen aerosois durante o lavado, convén previr a inhalación destes empregando mascarillas tipo AP2.

- Ropa que se pueda tirar e que aisle de las salpicaduras de fuel-oil.

- Ropa de aguas o monos de protección.

- Calzado aislante (Botas de auga).

- Guantes resistentes.

- Protección facial (Gafas contra proyecciones-salpicaduras).



- *Mascarilla con filtros aptos para vapores de hidrocarburos (con carbón activo)*
 - * *En zonas abiertas y muy ventiladas (con baja concentración de vapores de fuel-oil) con mascarillas básicas sirven (siempre con algún filtro con carbón activo).*
 - * *En zonas de mar con gran concentración de fuel-oil es aconsejable usar mascarillas tipo AP2.*
 - * *Si se pretende lavar los equipos impregnados con fuel-oil con disolventes (gasolinas...), también hay que usar mascarillas AP2 y no entrar en contacto con la piel.*
 - * *Limpieza de aves: dado que se producen aerosoles durante el lavado, conviene prevenir la inhalación de estos empleando mascarillas tipo AP2.*

QUE NON FACER

- **NON Beber leite.** A pesares das primeiras novas e imaxes na TV e prensa, beber leite non prevén intoxicacións. Neste caso ademáis as agrava ó facilitar a asimilación por parte do organismo de boa parte dos hidrocarburos.
- **NON lavarse con gasolinas ou gasoils,** producen queimaduras e agresións ó pel que poden desembocar en dermatites. Incluso se recolleron novas de xente que se limpou con acetona (é un produto extremadamente perigoso - cancerixeno e teratóxeno).
O mellor e menos agresivo xeito de limpa-lo fuel-oil é con **aceite vexetal**, un aceite de xirasol ou millo barato é perfectamente válido.
- **NON estar sen mascarilla** (NON valen as de celulosa, xa que non reteñen os vapores). Aínda que un se senta ben e estea ó aire libre, usar SEMPRE mascarilla con filtro.
- **NON traballar sen protección ocular.** As salpicaduras nos ollos poden ser moi dañinas.
- **NON fumar.**

- **NO Beber leche.** *A pesar de las primeras informaciones e imáxenes en TV y prensa, beber leche no previene intoxicaciones. En este caso, además las agrava al facilitar la asimilación por parte do organismo de parte de los hidrocarburos.*

- **NO lavarse con gasolinas o gasoils.** *Producen quemaduras y agresiones a la piel que pueden desembocar en dermatitis. Incluso se recogieron noticias de gente que se limpió con acetona (producto extremadamente peligroso - cancerígeno y teratógeno).*

*Lo mejor y menos agresivo es limpiar el fuel.oil con **aceite vexetal**. Un aceite de girasol o maiz barato es perfectamente válido.*



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

<http://www.sghn.org>

e-mail: sghn@sghn.org

- ***NO estar sin mascarilla*** (*NO valen las de celulosa, ya que no retienen los vapores*). Aunque no se tengan síntomas y se esté al aire libre, usar **SIEMPRE** mascarilla con filtro.
- ***NO trabajar sin protección ocular***. Las salpicaduras en ojos pueden ser muy perjudiciales.
- ***NO fumar***.